

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA, PARA PROMOVER A ATENCIÓN DAS PERSOAS CON TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA E ÁS SÚAS FAMILIAS, EN GALICIA E PARA O MANTEMENTO DA FEDERACIÓN E DAS ENTIDADES FEDERADAS PARA O EXERCICIO 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar coa Federación Autismo Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase Autismo Galicia dende o 1 de xaneiro de 2021 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase en que a entidade aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 como beneficiaria individualizada así como o obxectos subvencionado e a súa dotación orzamentaria

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración con Autismo Galicia para a promoción da autonomía persoal e prevención da dependencia en persoas con trastornos do espectro autista e as súas familias, en Galicia e para o mantemento da federación .

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, Autismo Galicia aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2021 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no decreto 216/2020, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase dixitalmente en Santiago de Compostela

